



ART XOVE 2013 BASES

O Concello de Pontedeume convoca a 18ª Mostra Artxove, destinada ó espallamento e potenciación das artes plásticas de acordo coas presentes bases:

1. Poderán participar nesta mostra tódolos artistas da Comunidade Autónoma de Galicia, naturais ou residentes. A idade dos participantes estará comprendida entre **18 e 35 anos.**

2. Poderase concorrer nas modalidades de pintura, fotografía e escultura, atendendo as seguintes normas:

PINTURA

Poderá presentarse un máximo de un cadro convenientemente montado con marco ou listón. O formato non excederá dos 150 cm. no seu lado maior.

FOTOGRAFÍA

Poderán presentarse un máximo de dúas fotografías. Estas virán enmarcadas (pínzas non), e o tamaño do marco non excederá os 60 cm. no seu lado maior.

ESCULTURA

Poderá presentarse un máximo dunha peza cun tamaño que, sen peana, non exceda dos 100 cm de altura.

3. As obras deberán ser orixinais, con tema e técnicas libres.

4. No dorso ou pé das pezas deberán figura os datos do autor (nome, apelidos, enderezo e teléfono) e o título da obra.

5. O Concello de Pontedeume elaborará un catálogo. Para os efectos da elaboración, xuntarase a documentación que a seguir se indica:

- Ficha técnica da obra (título, medidas alto por ancho e técnica empregada).

- Fotografía da obra indicando a súa posición, cun tamaño de 10 x 15 cm. e mínimo 150 ppp de resolución.

- No caso da modalidade de fotografía, o artista indicará cal é a que desexa que figure no catálogo.

6. As obras deberán vir acompañadas dun breve currículo do autor e fotocopia do D.N.I.

7. As obras deberán entregarse na Biblioteca Municipal de Pontedeume.

8. As obras poderán ser retiradas do 15 abril - 15 mayo, no mesmo lugar de entrega e no mesmo horario e días indicados no apartado.

9. O comité organizador porá todo o coidado no traslado, manipulación e exposición das obras, pero non se responsabiliza de calquera dano ou perda producidos por causa allea á súa vontade.

10. Ante calquer imprevisto, o comité organizador está capacitado para resolver calquer atranco que impida o desenvolvemento do certame.

11. A participación nesta mostra supón a total aceptación destas bases.

DATA DE ENTREGA DAS OBRAS E DOCUMENTACIÓN

As obras e a documentación para a elaboración do catálogo deberán ser enviadas antes do

LUNS 11 DE FEBREIRO

Para máis información, poñerse en contacto coa Biblioteca Municipal de Pontedeume.

Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijomil, 5
15600 Pontedeume (A Coruña)

Horario
16.30h./ 20.30h. de Luns a Venres

Teléfono
981 43 25 98 / 607 512 706



ART XOVE 2013

Maria Saleta | www.mariavazquezarias.com

Pontedeume
Casa da Cultura

Del 23 de Marzo al 07 de Abril